



SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**ACTA DA REUNIÓN DO 5 DE XULLO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN E ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXICA DO SOFTWARE DOS SERVIDORES, BACKOFFICE E POSTOS DO ESCRITORIO DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO.**

PRESIDENTA:

D.<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.<sup>a</sup> do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol

Secretario do Parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> María Concepción Burgo López

Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> María Aneiros González

Letrada do Parlamento de Galicia

Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 13.00 h do día **5 de xullo de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, salvo o vogal Sr. Balseiro Orol que escusa a súa presenza, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral da única oferta presentada para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de licenzas para a actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio.

**Orde do día:**

Punto único.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Non asiste ningún representante da única empresa concorrente, nin ningunha outra persoa interesada.

A Presidenta da Mesa de Contratación dá lectura ao anuncio de licitación publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 107, do 7 de xuño de 2016.

A continuación, e unha vez comprobado polos membros da Mesa de Contratación que se atopa debidamente pechado, procédese á apertura do sobre presentado pola empresa concorrente.

Despois de estudar a proposición presentada pola empresa Seidor, S.A., compróbase que inclúe a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos e non supera o orzamento de licitación establecido.

A Mesa de Contratación acorda solicitarlle á única empresa licitadora a documentación requirida na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas.


Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13.30 h levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Marta Rodríguez Arias  
Presidenta




María Concepción Burgo López  
Vogal



María Aneiros González  
Vogal



Carolina Costoya Pardo  
Vogal



F. Javier Freire González  
Secretario